


PLAN DE BIBLIOTECA CEIPP A FRAGA



ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN
2. ANÁLISE DO CONTEXTO
3. OBXECTIVOS E INDICADORES
4. PROCEDEMENTOS DE SEGUIMENTO, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DO PLAN

1.INTRODUCCIÓN

No artículo 113 da LOE, 2006 modificada pola lei Orgánica 3/2020 do 29 de decembro fala da **necesidade** de ter unha **boa biblioteca escolar para fomentar a lectura**, para que **o alumnado adquira novas habilidades** para formarse nas distintas áreas e poda facer un **uso crítico delas**. Debe convertirse nun **espazo aberto** no que poden acceder e usalo toda a comunidade educativa. Así mesmo a Orde do 26 de maio 2023 pola que se desenvolve o Decreto 155/2022 establece a obrigatoriedade do **Plan de Lectura e do Plan de Biblioteca** de acordo aos artigos 33, 34 e 35 do Decreto 155/2022 . Entre os requisitos destes Plans está a asistencia dunha biblioteca escolar convenientemente atendida. Así mesmo o Informe de 2015 do Consello e da Comisión Europea (ET 2020) fala de adoptar pedagogías innovadoras e activas, tomando como base **métodos participativos e baseados en proxectos**. A Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, recolle nas instrucións do 1 de setembro de 2017 as necesidades dunha **biblioteca accesible e inclusiva**. Así mesmo **O Plan LIA (2021-25)** ten entre os seus obxectivos fundamentais dotar aos centros educativos de bibliotecas escolares útiles, estables, sustentables e acordes ás necesidades do século XXI, facendo delas espazo creativos de aprendizaxes innovadores e inclusivos que apoiem a adquisición das competencias clave do alumnado. O que require actuacións continuadas para lograr avances na renovación da biblioteca.

Ao abeiro do artigo 8.5. da Orde de 17 de xullo de 2007 que regula a percepción do compoñente singular do complemento específico por función titorial e outras funcións docentes establécese que a dirección do centro designará unha persoa como responsable da biblioteca escolar por un período mínimo de dous anos, dando prioridade á súa formación específica, á experiencia, ao interese e á dispoñibilidade horaria, que actuará baixo a coordinación da xefatura de estudos. Así mesmo, nos artigos 9 e 10, defínese a dinamización de biblioteca e se regulan as funcións desta dinamización. Así mesmo, a biblioteca xoga un papel moi importante para o logro dos ODS da Axenda 2030 ao proporcionar servizos e programas que dan resposta ás necesidades informativas das persoas que integran a comunidade educativa, así como formar ao alumnado para unha participación plena, activa e comprometida coa sociedade complexa na que nos toca vivir.

2. ANÁLISE DO CONTEXTO

Queremos que a Biblioteca sexa **o lugar adecuado e de referencia para a práctica docente**. Que se desenrolen diferentes actividades que se inclúan dentro do currículo de cada materia e conseguir que sexa fundamental para o proceso de ensinanza-aprendizaxe.

É necesario que toda a nosa comunidade educativa se mergulle pola nova biblioteca, desenrole o gusto pola lectura, tendo en conta o Plan de Lectura do centro, conseguindo que sexa un lugar de referencia para o proceso de aprendizaxe.

Partimos dunha Biblioteca que forma parte do PLAMBE dende o curso 2017/18 e somos Biblioteca Creativa dende o curso 2022/23. Realizando enquisas anuais que nos dan resultados de satisfacción e de mellora.

3. OBXECTIVOS E INDICADORES

Dous grandes obxectivos Xerais con indicadores de acadado ou en proceso.

1. ***Contribuir á alfabetización múltiple do alumnado. Formación de usuarios, fomento da lectura e acceso á información. Creación dunha biblioteca inclusiva e accesible.*** Utilización de diferentes formas de información, textos e imaxes, escritos, impresos, versión electrónica. Este gran obxectivo conleva outros máis específicos:

- Adquirir novos materiais e novos fondos bibliográficos para conseguir que o alumnado poda ver a biblioteca como unha fonte de consulta e estudo.
- Establecer a biblioteca como centro educativo de construción do coñecemento con espazos para isto. Como o "Recuncho audiovisual", "Recuncho creativo" ou "Recuncho pola Igualdade"
- Facilitar o acceso aos recursos culturais. Apoiar ao alumnado con necesidades educativas específicas. Organizar o material bibliográfico e audiovisual de xeito doado para que sexa fácilmente reconecible por todo o alumnado, tendo en conta os alumnos con necesidades específicas, e que accedan a información e empreguen o material de maneira rápida, desenvolvendo a súa autonomía persoal.
- Diseñar e desenvolver o Plan de Lectura.
- Favorecer a adquisición e desenvolvemento de hábitos de lectura entre os sectores da comunidade educativa. Facer recomendacións de lectura e información das novidades.
- Formar ao alumnado colaborador en voluntariado na biblioteca. Alumnado de 5º e 6º E.P.
- Dar a coñecer a biblioteca dende principio de curso, para iso é necesario ensinarlles a súa organización, o sistema de préstamos de lectura e de audiovisuais, horario de apertura, e as normas de uso dos ordenadores.
- Integrar a cultura impresa e dixital. Optimizar o espazo da biblioteca para poder mellorar a calidade do proceso de ensinanza aprendizaxe. Por iso é necesario incrementar o número de ordenadores, material multisensorial e recursos en diferentes soportes, xa que é imprescindible para que o alumnado poda desenrolar

competencias como aprender a aprender e a iniciativa e espírito emprendedor e a súa autonomía, buscando información para traballos, estudando...

- Dinamizar a biblioteca coa axuda da mascota Roel. Un esquio moi querido polos nenos e nenas.
- Contribuir á adquisición das competencias clave previstas no currículo con todas as actividades e dinámicas programadas.
- Apoiar os proxectos e programas que leva a cabo o centro.
- Centralizar todo o material informativo para poder ser empregado nos traballos escolares e para o tratamento e fomento da lectura.
- Buscar o funcionamento da biblioteca na totalidade do tempo lectivo e apertura en horario extraescolar.

2. *Potenciar e mellorar a coordinación do profesorado do centro, creando un clima propicio de traballo, a través do Plan Lector, do plurilingüismo, e das distintas propostas da biblioteca. Crear vínculos entre toda a comunidade educativa e familias.*

4.PROCEDIMENTOS DE SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DO PLAN

Para avaliar o Plan de Biblioteca empregaremos as seguintes estratexias.

- Rexistro de lectores.
- Análise da actividade lectora nas aulas en canto á diversidade de temas de lectura e ao progreso na habilidade lectora.
- Seguimento do grao de participación nas actividades de animación.
- Revisión periódica da idoneidade do plan en base aos resultados das estratexias anteriores.
- Revisión dos fondos co obxecto da súa actualización, da súa adecuación e da súa diversidade.
- Realizaranse enquisas de satisfacción dentro da Aula Virtual.

Este plan será revisado ao inicio de cada curso escolar, e sempre que sexa necesario será modificado e publicado posteriormente.